



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2020/G003/000049

DECRETO

ASUNTO: BASES PARA CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

EXPEDIENTE: 2020/G003/000049

ANTECEDENTES:

Á vista da comunicación efectuada pola Consellería de Política Social con data 5 de Febreiro de 2020 sobre incremento de 303 horas mais para prestación do actual Servizo de Axuda no Fogar, procede cubrir temporalmente Dúas prazas de Auxiliar deste Servizo coa finalidade de mellorar a calidade do servizo aos Usuarios, esta Alcaldía acorda Aprobar as seguintes:

BASES PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

1.- OBXECTO

A contratación realizarase mediante o sistema de Concurso-oposición.

2.- FUNCÍONS

O traballador/a contratado/a desenvolverá os seguintes labores baixo a Dirección do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación:

- 1) Atención de carácter persoal na realización de actividades da vida cotiá.
- 2) Asistencia de necesidades de carácter doméstico e da vivenda.
- 3) Atención de carácter psicosocial e /ou educativa; podendo integrarse ademais dentro da Axuda no Fogar determinadas actividades que se desenvolvan fóra da propia vivenda, sempre que, dacordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan na posibilidade de permanencia no lar do asistido e na mellora da súa autonomía e calidade de vida.

3.-TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

Trátase dun contrato laboral temporal por período dun ANO en xornada completa a contar dende a data da súa formalización.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente nas oficinas xerais do Concello de Fisterra en horario de 9 a 14 horas; cando se presenten por correo ou por calquera outra forma das previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación é de CINCO DÍAS HÁBILES (5) contados a partires do día seguinte á data de publicación do Anuncio no xornal La Voz de Galicia.-

5.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para poder ser admitido na convocatoria, os aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) Ser nacional dalgún estado membro da Unión Europea ou estranxeiros residentes que reúnan os requisitos da Lei orgánica 4/2000.
- b) Ter máis de 18 anos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2020/G003/000049

c) Declaración xurada de Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coas Administracións Públicas.-

d) Declaración xurada de Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto.

e) Declaración xurada de Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da administración do estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio público.

f) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio.

Os anteriores requisitos, deberán posuírse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

6.- DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes que aleguen os méritos aos que se fai referencia nestas bases deberán presentar os documentos que o acrediten en documento orixinal ou ben debidamente compulsado ou certificación ao respecto.

Non se puntuarán os méritos non xustificadas deste modo.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias publicarase no taboleiro de anuncios e web municipal do Concello (www.concellofisterra.gal) a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das devanditas listaxes, as persoas aspirantes disporán dun prazo de Tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

8º. LISTAXE DEFINITIVA

Rematado o prazo de subsanación dos erros que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal do Concello (www.concellofisterra.gal) a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas, así como o lugar, data e hora de realización do procedemento selectivo e a composición da Comisión de selección.

9º.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co sinalado no artigo 4 do Real Decreto 896/1991 e artigo 60 da Lei 7/2007 de 12 e abril, e a súa composición farase pública coa resolución pola que se aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as; estará constituído por:

- Presidente/a: Un Funcionario ó servizo das Administracións Públicas.
- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario do Concello en quen delegue (actuará con voz pero sen voto).
- Vogais: Tres, que sexan Empregados públicos fixos ó servizo das Administracións Públicas.[]

10.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e deberán comunicarllo ao Sr. Alcalde, cando concorra algún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e nas demais disposicións aplicables ao caso.

Poderán ser recusados polos aspirantes baseándose nos mesmos motivos e de conformidade co previsto no artigo 24 da citada Lei.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2020/G003/000049

11.- DEREITOS A ASISTENCIAS AO TRIBUNAL

Os membros do tribunal terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao aboamento de asistencias e locomoción, a estes efectos, tomando como pauta orientativa a normativa estatal, este tribunal terá a categoría de segunda.

Poderá solicitar o asesoramento dos expertos ou especialistas que determine.

Asemade,o tribunal, se o estima preciso ou conveniente poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores ou especialistas que actuarán como colaboradores do tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Estes asesores tamén terán dereito á correspondente compensación económica.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade os órganos colexiados, tanto na Lei 30/92, do 26 de novembro, como na demais normativa de concordante aplicación.

12.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso - oposición . Máximo 20 puntos.

FASE DE CONCURSO

Experiencia en posto de traballo relacionado con labores de axuda no Fogar	0,30 puntos/mes por xornada completa 0,15 puntos/mes por xornada parcial	Puntuación máxima 10
Por formación relacionada co posto de traballo	Por cada curso, xornada, seminario ou congreso De 5 a 19 horas: 0,30 puntos De 20 a 50 horas: 0,90 puntos De 51 a 75 horas: 1,20 puntos De 76 a 100 horas: 1,50 puntos De 101 a 200 horas: 2,10 puntos De 201 a 300 horas: 3 punto De máis de 301 horas: 6 puntos	Puntuación máxima 8
Coñecemento do idioma galego	CELGA 1: 0,13 puntos CELGA 2: 0,60 puntos CELGA 3: 0,90 puntos CELGA 4: 1,20 puntos CELGA 5: 1,50 puntos	Puntuación máxima 1,5



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2020/G003/000049

Estar na posesión do
carnet de conducir

Tipo B1 con dispoñibilidade de
vehículo

Puntuación
máxima 0,5

FASE DE OPOSICIÓN

Único exercicio

Desenvolver por escrito un Test de Trinta preguntas sinaladas polo tribunal referentes ás materias comprendidas no ANEXO I destas bases.- Máximo 30 puntos.-

ANEXO I

MATERIA XERAL

Tema 1. A Constitución Española de 1978. A organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. A administración pública .-

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. O Parlamento. A Xunta de Galicia. O Presidente.

Tema 3. A organización municipal: O Alcalde e o Pleno. A Xunta de Goberno Local. Os tenentes de alcalde. Os concelleiros delegados. Comisións Informativas. Funcionamento dos órganos colexiados municipais.-

MATERIA ESPECÍFICA

1. Envellecemento e persoas dependentes: características e cambios asociados.
2. Regulación e normativa de servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia e no municipio de Fisterra.
3. Saúde, nutrición e administración de alimentos e tratamentos ao maior ou persoa dependente.
4. Hixiene, mobilización e atención persoal no Servizo de Axuda no Fogar.
5. As actividades instrumentais da vida diaria: as tarefas domésticas.
6. Profesional de Axuda a Domicilio. Tarefas e funcións.
- 7.- Funcionamento do Departamento de Servizo Sociais.-

Realizada a cualificación dos méritos, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e páxina web a relación de aspirantes coas puntuacións obtidas e será facilitada por e-mail polo Secretario/a do Tribunal.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de Concurso e de Oposición.-

Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará a relación por orde de puntuación, proponendo ó órgano competente a contratación en favor de aquel aspirante que obtivera a maior puntuación.

No caso en que exista renuncia da persoa seleccionada, será nomeado aquel que por orde de lista obtivera a maior puntuación.

En caso de empate a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

- 1.- Puntuación na fase de valoración de méritos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2020/G003/000049

2-. Puntuación na proba escrita.-

13.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A proposta do tribunal cualificador elevarase á Alcaldía - Presidencia, para dictar resolución do expediente con acordo de contratación efectuado mediante decreto e que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.-

O persoal seleccionado formalizará o contrato eventual laboral no prazo de tres días hábiles a partir da súa notificación.-

14.- DEREITO SUPLETORIO

No non previsto nestas bases acudirase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Estatuto Básico do Empregado Público no que sexa de aplicación ao persoal laboral, no Estatuto dos Traballadores RDL 1/95 de 24 de marzo, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e demais lexislación en materia laboral.

15.- NORMA FINAL

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas, poderán ser impugnados polos interesados na forma legalmente prevista. O tribunal queda autorizado a resolver as dúbidas que puidesen presentarse ou tomar os acordos necesarios referidos á orde a da celebración das probas. Para o non previsto nestas bases, rexerán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia, a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza e demais disposicións obrigatorias.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en **Fisterra, a vinte de febreiro de dous mil vinte**, do que eu, como secretario, de que certifico.

O ALCALDE,

ANTE MIN

O SECRETARIO,

José Marcote Suárez

José Ramón Lema Fuentes

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 20/02/2020 14:13:00)

José Ramón Lema Fuentes

C.I.F.: P-1503800-C

Decreto N.º: 47/2020 - Fecha de decreto: 20/02/2020

Versión imprimible

CVD: cJv4Gj6XdosFfEkpeey6

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.